

Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO, DO 4 DE XUÑO DE 2019 POLA QUE SE CONVOCA A SEGUNDA EDICIÓN DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO CAMPUS DA AUGA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Dentro da política de impulso e fomento do proxecto de especialización do Campus de Ourense como Campus da Auga, convócase a segunda edición dos Premios Campus da Auga en temáticas relacionadas coa auga, coa finalidade de recoñecer e estimular accións relevantes nestes eidos, que contribúan á promoción do Campus de Ourense-Campus da Auga. A dotación económica destes premios é proporcionada pola empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, conforme ao Convenio Marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, asinado o día 23 de Abril de 2019.

A investigación é un elemento esencial para a mellora da competitividade e sustentabilidade das sociedades actuais, que mediante a innovación permite traducir as oportunidades xeradas polos desenvolvimentos científicos e tecnolóxicos en novos produtos e servizos, así como en posibilidades de traballo e benestar para a sociedade.

A innovación supón tamén partir do vixente para transformalo, creando así novas dinámicas nos seus principais actores (institucións, educadores/as e educandos/as) que lles permitan indagar, descubrir, reflexionar, criticar e incluso renovar ou mesmo cambiar.

Por outra banda, a divulgación científica a través dun conxunto de actividades permite transferir o coñecemento científico e facelo accesible á sociedade, é dicir, a todas aquelas persoas interesadas en entender ou informarse sobre ese tipo de coñecemento.

Resulta, por tanto, oportuno continuar coa convocatoria destes premios mediante os que se recoñece o valor que o Campus da Auga da Universidade de Vigo outorga ao esforzo do Persoal Docente e Investigador (PDI), Persoal Investigador (PI) e do alumnado no ámbito da investigación, transferencia, e a divulgación científica, en temáticas da auga e outras relacionadas, como a sustentabilidade, o medio ambiente, o sector agroalimentario ou a economía circular. Trátase de contribuír desta forma a

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

mellorar a proxección investigadora e social do Campus de Ourense, como un campus líder nestas temáticas.

Neste senso, a Vicerreitoría do Campus de Ourense convoca a segunda edición dos Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus da Auga da Universidade de Vigo, de conformidade coas seguintes:

BASES

Primeira- Obxecto da convocatoria

A Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus da Auga da Universidade de Vigo considera importante, para estimular a promoción do Campus da Auga, premiar accións destacadas no ámbito da investigación, transferencia, e a divulgación científica, que contribúan a situar e consolidar o Campus de Ourense como un referente internacional en temáticas relativas ás augas continentais e outras relacionadas, como a sustentabilidade, o medio ambiente, o sector agroalimentario ou a economía circular.

Neste senso, a convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para recoñecer, difundir e premiar traballos e accións de investigación, transferencia, e divulgación científica, relativas ás temáticas citadas anteriormente, que resulten de interese para o desenvolvemento e promoción do Campus da Auga.

1. Premios de investigación e transferencia.

O seu obxectivo é recoñecer diferentes facetas da actividade investigadora e de transferencia desenvolvida por PDI, PI ou alumnado da Universidade de Vigo nas temáticas obxecto da convocatoria, entre as que se atopan: Traballos Fin de Grao (TFG), Traballos Fin de Mestrado (TFM), Teses de Doutoramento, e contribucións científicas de alto impacto publicados entre o 2017 e o 2019, así como resultados relevantes de transferencia tecnolóxica ou de coñecemento derivados dun proxecto ou

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

contrato finalizado entre 2017 e 2019, sempre que fose realizado por PDI, PI ou alumnado da Universidade de Vigo, e non fora presentado á anterior convocatoria destes Premios.

Enténdese por contribucións científicas aquelas que se realizan nos medios de difusión propios de cada ámbito de coñecemento, como poden ser artigos en revistas indexadas, libros, capítulos de libros, monografías, recensións, etc.

En canto a resultados de transferencia, enténdense como tales patentes en explotación, produtos ou servizos comercializados por algúna empresa, estudos e informes de impacto contrastado, sempre que fosen resultado dun proxecto ou contrato realizado na Universidade de Vigo; para elo, será necesario que todos os membros do proxecto ou contrato, do que deriven resultados relevantes de transferencia, cumpran a condición de ser PDI ou alumnado da Universidade de Vigo.

2. Premios de divulgación científica

Preténdese tamén premiar accións e actividades de divulgación científica nas temáticas da convocatoria, que contribúan á promoción do Campus da Auga e a divulgar a acción e o coñecemento científico producido no seu seo.

Segunda - Modalidades dos premios

Os premios e os accésits no seu caso, consistirán no recoñecemento público outorgado pola Universidade de Vigo a través dunha certificación oficial que será entregada persoalmente polo reitor da Universidade de Vigo, nun acto institucional organizado a tal efecto.

Asemade, en base ao convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, serán dotados económicoamente en función da modalidade de presentación, tal como se detalla máis abaixo.

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

O pago do importe dos premios será feito pola empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU directamente aos premiados, cunha dotación máxima de 3.600,00 €.

Os premios que se convocan son cinco, nas seguintes modalidades:

A. Premio ao TFG/TFM mais destacado.

- Diploma acreditativo para o/a alumno/a autor/a do TFG/TFM e para a titorización do mesmo, e dotación en metálico de 500 € para o autor/a (suxetos as retencíons do IRPF que estableza a normativa vixente).

B. Premio de Investigación a Teses Doutorais.

- Diploma acreditativo para o/a alumno/a autor/a da tese de doutoramento e para a dirección da mesma, e dotación en metálico de 800 € para o autor/a (suxetos as retencíons do IRPF que estableza a normativa vixente).

C. Premio de Investigación á mellor contribución científica.

- Diploma acreditativo ao autor/a e dotación en metálico de 800 € (suxetos as retencíons do IRPF que estableza a normativa vixente).

D. Premio ao mellor resultado de transferencia.

- Diploma acreditativo ao autor/a e dotación en metálico de 800 € (suxetos as retencíons do IRPF que estableza a normativa vixente).

E. Premio a accións ou actividades de divulgación científica.

- Diploma acreditativo ao autor/a e dotación en metálico de 700 € (suxetos as retencíons do IRPF que estableza a normativa vixente).

Terceira - Requisitos dos participantes

Para concorrer a calquera das modalidades poderán ser candidatos/as o PDI e PI que no momento da convocatoria se atopen en situación de servizo activo na Universidade de Vigo, e o alumnado da Universidade de Vigo matriculado no curso 2018 - 2019, ou no curso 2017-2018, que cumpra os requisitos da modalidade do premio ao que se presenta.

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



UniversidadeVigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

- Ningún solicitante poderá concorrer simultaneamente a máis dunha modalidade de premios.
- No caso da modalidade A os traballos presentados deberán ter sido avaliados cunha nota mínima de 9 sobre 10.
- No caso da modalidade B os traballos presentados deberán ter sido avaliados cunha nota de sobresaínte cum laude.
- No caso das modalidades C, D, e E, de ser o caso, a solicitude deberá contar con visto bo de todos/as os/as coautores/as da contribución, salvo imposibilidade xustificada. Neste senso, consideraranse beneficiarios/as a efectos de certificación da resolución de concesión todos/as os/as autores/as da contribución. No caso da dotación económica considerarase como beneficiario/a só á persoa solicitante.
- Non se poderán presentar traballos que foran presentados a anteriores edicións destes premios.

Cuarta - Solicitud e prazo de presentación

Os/as interesados/as remitirán á Secretaría da Vicerreitoría do Campus de Ourense, a documentación requirida presentándoa nos rexistro xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo, ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para as modalidades de premios A, B, D, e E, a documentación presentarase en dous sobres separados (sobre 1 e sobre 2) dirixidos á vicerreitora do Campus de Ourense. Os sobres deberán estar pechados e conterán:

- Sobre 1. Nel incluirase o traballo ou mérito e o anexo II cumplimentado, de ser posible en formato pdf, nunha chave USB. A documentación presentada non debe conter ningún elemento que o identifique sobre a autoría, dirección ou titoría, pero si indicará a titulación e centro de procedencia

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



UniversidadeVigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

do/a autor/a. No exterior deste sobre, debe figurar "Sobre 1" e como únicas referencias, o título do mérito presentado e a modalidade á que se presenta.

- Sobre 2. Incluirá a solicitude conforme ao anexo I e a documentación complementaria que proceda. No exterior deste sobre, debe figurar "Sobre 2" e como únicas referencias, o título do mérito presentado no sobre 1 e a modalidade á que se presenta.
- No caso da modalidade C, o mérito presentarase nun único sobre. No exterior deste sobre debe figurar "Sobre 3" e o título do mérito presentado e a modalidade. No interior, incluirase a solicitude conforme ao anexo I e o anexo II cumprimentados. Ademais, incluirase o mérito, acompañado dun resumo de ata 500 palabras. De ser posible o mérito presentarase en formato pdf, nunha chave USB.

As contribucións orixinais que concursen nesta convocatoria, serán devoltas ao/á autor/a, unha vez concluída a mesma, se así o solicitan por correo electrónico á Vicerreitoría nun prazo non superior a dous meses tras a resolución definitiva. De non solicitalo, procederase á súa destrucción.

O prazo para a presentación de solicitudes remata o 13 de setembro de 2019.

Quinta - Procedemento de admisión de solicitudes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as e as causas de exclusión.

Os/as solicitantes excluídos/as, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución para reclamar contra a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as ou para, no seu caso, corrixir ou completar a documentación, tal como se establece no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

A publicación dos actos, que integran este procedemento, no taboleiro de anuncios do rexistro auxiliar do Campus de Ourense (Edificio Administrativo, Campus As Lagoas, s/n), servirá de notificación para todos os efectos, de acordo coa previsto no artigo 45 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Con independencia do lugar no que legalmente deba publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integran este proceso publicaranse a título divulgativo na páxina web da Universidade de Vigo e na páxina web do Campus da Auga (<http://campusdaauga.uvigo.es>).

Sexta - Procedemento e criterios de selección

Os premios a considerar na presente convocatoria serán valorados pola seguinte comisión

- A vicerreitora do Campus de Ourense ou persoa en quen delegue, que será a presidenta da comisión.
- O director do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación do Campus de Ourense.
- Director do Campus da Auga, que actuará como secretario.
- Oito persoas pertencentes ao sector PDI con dedicación a tempo completo e vinculación permanente. Cada centro dos sete que integran o Campus de Ourense máis a Escola de Enfermaría, procederá a elixir na respectiva Xunta de Centro ou na Comisión Permanente a unha persoa do sector PDI de entre os/as que forman parte da Xunta de Centro e cumpran os requisitos establecidos supra. A tal fin, dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense requirirase con antelación suficiente aos centros para que procedan á devandita elección e comuniquen o nome da persoa elixida á propia Vicerreitoría do Campus de Ourense.
- A Directora da Biblioteca do Campus de Ourense ou persoa en quen delegue.
- Un/unha representante da empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU.

Os membros desta comisión non poderán solicitar nin formar parte de ningunha das solicitudes presentadas ás diferentes modalidades obxecto de premio desta convocatoria.

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

Os criterios para a valoración dos méritos serán os seguintes:

Criterios premios Investigación e Transferencia (modalidades A, B, C e D)

- Orixinalidade e innovación no tratamento dos temas obxecto do premio (4 puntos).
- Calidade, rigor e metodoloxía científica axeitada ao problema exposto (6 puntos).
- Impacto factual ou potencial no seu campo e no contexto do proxecto Campus da Auga (4 puntos).
- Utilidade ou aplicabilidade social e científica, factibilidade de aportar a resolución de problemas o necesidades científicas ou sociais (puntos 4).

Para as modalidades A e B, no caso de empate terase en conta a nota académica obtida nos estudos de grao, posgraou doutoramento cursados polo/a autor/a e relacionados coa temática do premio.

Para a modalidade C, a comisión disporá dun informe bibliométrico realizado por técnicos/as da Biblioteca do Campus de Ourense.

Criterios premios Divulgación Científica (modalidade E)

- Creatividade no tratamento dos temas obxecto do premio (4 puntos).
- Calidade, rigor e claridade da linguaxe empregada na divulgación científica (6 puntos).
- Interese científico e utilidade social factual ou potencial no seu campo e no contexto do proxecto Campus da Auga (6 puntos).
- Impacto potencial ou factual da achega (2 puntos).

A puntuación máxima que poderá acadar cada modalidade de premio será de 18 puntos, necesitando un mínimo de 9 puntos para que resulte seleccionado.

O fallo das respectivas comisións non estará suxeito a apelación. As comisións poderán declarar deserto algún ou todos os premios de acordo coas valoracións obtidas ou por ausencia de solicitudes.

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

Sétima - Resolución do procedemento

A Comisión elevará as propostas de concesión dos respectivos premios ao reitor da Universidade de Vigo, quen emitirá a resolución correspondente.

Os premios, e os accésits no seu caso, consistirán no recoñecemento público outorgado pola Universidade de Vigo, a través dunha certificación oficial que será entregada persoalmente polo reitor da Universidade de Vigo, ou persoa en quen delegue, nun acto institucional organizado ao efecto. Se resultase premiado un proxecto codirixido ou un traballo en coautoría, emitirase a correspondente certificación, facendo constar o nome de todos/as os/as directores/as ou autores/as.

Asemade, en base ao convenio marco de colaboración entre o Campus da Auga da Universidade de Vigo e a empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, serán dotados economicamente en función da modalidade de presentación, tal como se detalla na base segunda.

O prazo para resolver este procedemento será dun máximo de tres meses contados a partir do día seguinte da finalización da presentación de solicitudes.

Oitava - Información sobre a convocatoria

Calquera dúbida sobre o contido desta convocatoria será atendida na Vicerreitoría do Campus de Ourense (tfno. 988 38 73 00) ou no correo electrónico: vicou@uvigo.es

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



UniversidadeVigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

Novena- Protección de datos

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámosselle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de resolver a II edición dos premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus da Auga da Universidade de Vigo e amparados pola Lei Orgánica 6/2001, de Universidades.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumplir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamiento dos datos.

Mediante o cumprimento do formulario de recollida de datos persoais, a persoa solicitante consente expresamente o citado tratamiento aos efectos de cumplir coa descrita finalidade do mesmo e terá o derecho a retirar o devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

A persoa solicitante está obrigada a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, a consecuencia será a desestimación da súa solicitude.

A persoa solicitante ten derecho a solicitar ao responsable do tratamiento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamiento. Tamén terá

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



UniversidadeVigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

dereito a oposse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos do responsable cuxa identidade e datos de contacto son Pintos & Salgado Abogados S.C.P., Avda. de Arteixo, 10 – 1º Esq., 15004 de a Coruña (España), teléfono: 981227076, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Décima- Aceptación das presentes bases

O feito de participar nesta convocatoria de Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus da Auga, implica a aceptación das súas bases.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do dia seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



UniversidadeVigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso- administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interpuesto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 4 de xuño de 2019

O Reitor

12

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3

Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

Anexo I

SEGUNDA EDICIÓN DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO CAMPUS DA AUGA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Apelidos e nome		
DNI	Endereço	
Código Postal	Localidade	Provincia
Correo electrónico	Teléfono	Teléfono móvil
Apelidos e nome das/os coautoras/es (se procede)		DNI
Apelidos e nome do/a director/a ou tutor/a (se procede)		DNI

MODALIDADE NA QUE PARTICIPA

13

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3

UniversidadeVigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

- A. Premio a TFG/TFM
- B. Premio de Investigación a Teses Doutorais
- C. Premio de Investigación á mellor contribución científica
- D. Premio ao mellor resultado de transferencia
- E. Premio a accións ou actividades de divulgación científica

DOCUMENTACIÓN

- Sobre 1 Sobre 2 Sobre 3
- Fotocopia DNI da/o candidata/o
- Certificación académica de estudios (se procede)
- Resgarde de matrícula (se procede)

Ourense, de de 2019

Asdo:

SRA. VICERREITORA DO CAMPUS DE OURENSE

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

Anexo II

SEGUNDA EDICIÓN DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO CAMPUS DA AUGA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

TÍTULO DO MÉRITO	
MODALIDADE Á QUE OPTA	
Resumo do mérito (máximo 500 palabras)	
Breve xustificación da relación do contido do mérito presentado coas temáticas da convocatoria (máximo 300 palabras)	
Breve xustificación da adecuación do mérito á convocatoria e á modalidade á que concursa (máximo 300 palabras)	

Ourense, de de 2019

Asdo:

DILIXENCIA para facer constar que este documento foi publicado no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo con data 4 de xuño de 2019

A Xefa de Negociado de Secretaría Xeral

Marta González

(asinado dixitalmente)

SRA. VICERREITORA DO CAMPUS DE OURENSE

15

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3

Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-
Campus da Auga

Edificio de Facultades Tel. 988 387300 vicou.uvigo.es
Campus de Ourense Fax 988 387311 vicou@uvigo.es
32004 Ourense
España

Anexo III

SEGUNDA EDICIÓN DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO CAMPUS DA AUGA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Información básica sobre a protección dos seus datos

Responsable: Universidad de Vigo.

Finalidade: xestionar a II Convocatoria de premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus da Auga da Universidad de Vigo.

Lexitimación: o tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento basease nas competencias atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.

Cesións: non se prevén cesións a terceiros.

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercitar os seguintes dereitos: Acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos.

Procedencia da información: a información recollida nos formularios procede da propia persoa interesada ou da súa representación legal.

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-6186-3e49-094a-4208-81da-282e-d54e-5eb3	04/06/2019 10:18:54 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800017s19N0000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original

